



Confederación Intersindical Galega
Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña
Teléfono 981183969 – FAX 981183679
Email coruna@cigtelefonica.com

MODELO OPERATIVO ACTIVIDADES O+M

Ou o desmantelamento dos GMO

O próximo paro en O+M está convocado para o día 7 de Xaneiro. Os tres realizados con anterioridade foron apoiados polo 100% dos OTPI que estaban dispoñibles e que non tiñan fixados servizos mínimos. A resposta dos traballadores é perfecta.

A empresa aínda non respondeu a petición do Comité de Folga feita o 24 de decembro, para manter unha reunión co fin de negociar en base os obxectivos definidos polos OTPI.

Sí respondeu a petición do Comité, feita na mesma data, convocando unha Comisión de Xestión para o próximo día 9. Esta tería como obxectivo aclarar cal é a versión que vale das distintas dadas polos responsabeis da área. No escrito do Comité, aparte deste aclaración pídeselle a empresa que dea resposta sobre os 4 puntos que se acordaran cos votos de dúas forzas sindicais e que foron considerados polos traballadores afectados como insuficientes.

O próximo día 14 hai convocada unha Comisión de Emprego na que está previsto tratar este tema coa perspectiva estatal. Haberá que estar a expectativa do que da de sí.

En breves días haberá un novo intercambio entre os sindicatos da Coordinadora de Burgos para analizar a posibilidade de coordinación con outras provincias. O obxectivo debe ser a retirada do Plan da Empresa.

Na Coruña para a empresa e para algún sindicato, con este seguimento do paro, o obxectivo prioritario é buscar a maneira de meter algunha cuña que nos divida. En lóxica, o obxectivo dos traballadores é manterse moi unidos, para que as bases sobre as que se dea a negociación sexan as acordadas polos traballadores.

5 de xaneiro de 2009
Sección Sindical CIG- A Coruña